



NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa de Ciberseguridade nas empresas

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 25 de marzo, o proceso de recollida de información da Enquisa de Ciberseguridade nas empresas galegas 2026.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2026, dentro da operación "4102-03-OE06 " e diríxese a empresas con sede social en Galicia e que contén con un ou máis asalariados no réxime xeral en polo menos un establecemento en Galicia e con actividade incluída nas seccións: B a J e L, M e N da CNAE-2009. Exclúense aquelas empresas que realizan actividade TIC recollidas nos epígrafes: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8, 46.5, 58.2, 61.1, 61.3, 62.0, 63.1 e 95.1 da CNAE-2009.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. Actualmente, non se dispón de datos de forma periódica con gran aceptabilidade ou alcance sobre o estado da ciberseguridade do tecido empresarial galego, polo que resulta de gran interese realizar a presente enquisa e posterior estudo, como ferramenta para identificar carencias e avaliar a madurez sobre a importancia da protección en contornos dixitais ante a crecente dixitalización dos procesos empresariais e a dependencia da tecnoloxía.

Ademais, dado que a enquisa servirá de ferramenta para coñecer as carencias das empresas no eido da seguridade da información no entorno dixital, tamén permitirá identificar posibles iniciativas a poñer en marcha que axuden a dar resposta ás carencias detectadas.

Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá .

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006017009&idioma=gl
Información enquisas: 900 102 104
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en X: IGE_Estatística
Síguenos en Instagram: ige_estadistica
Síguenos en facebook: INSTITUTOGALEGODEESTADISTICA